

Medidas retributivas de mellora no ámbito da atención primaria vinculadas ás dificultades de cobertura

Na mesa sectorial de hoxe 29 de xuño de 2022 sobre o Plan de ordenación de recursos humanos de atención primaria CCOO asinou o acordo dunha serie de medidas parciais dentro do plan: Medidas retributivas de mellora no ámbito da atención primaria vinculadas ás dificultades de cobertura. Co acordo CCOO consegue melloras retributivas que se viñan reclamando desde hai anos.

CCOO valora positivamente o acordo, entendendo que NON soluciona os problemas da Atención Primaria, polo que esiximos na mesa a negociación incrementos nos cadros de persoal e melloras noutros aspectos das condicións de traballo do persoal para dar resposta a situación da AP. A administración comprometeuse a abordar estas melloras a partir do verán e dentro da negociación do plan de ordenación de recursos humanos.

Entre as medidas tratadas no día de hoxe, acordouse a elaboración dun protocolo para regular a cobertura de ausencias no que se estableza de xeito claro as causas que darán lugar á activación da intersubstitución e a xornada complementaria, que terán un tratamento igual nas distintas áreas e evitarán as incidencias actuais na xestión das mesmas. CCOO viña denunciando e esixindo solucións desde hai tempo a estas situacións.

-A contía actual da intersubstitución pasa do 70% das retribucións fixas do persoal ausente ao 100%. (inclúense ás matronas na percepción da intersustitución).

-As prolongacións de xornada voluntarias actuais serán de 4 horas e a retribución increméntase nun 10% (dos 187,78 € actuais aos 206,56 para os licenciados sanitarios, e dos 122,91 € actuais dos diplomados sanitarios aos 135,80).

-Inclúe unha nova modalidade de prolongación de xornada voluntaria para persoal facultativo de acumulación de cota de praza vacante. Neste caso cando non sexa posible a cobertura dunha praza vacante con persoal interino por falta de candidatos/as, ao persoal facultativo que voluntariamente o acepte, asignaráselle ata 300 cartillas do cupo non cuberto cunha prestación de xornada adicional de 4,5 horas semanais e

Se tes algunha dúbida ou consulta acude a túa sección sindical de CCOO

unha retribución anual de 12.000 €. Neste caso se regularán axendas (pechadas), horarios e indicadores de actividade.

-Incrementéntanse nun 50% das retribucións actuáis as contías dos complementos F(illamento) e G(soidade). Do mesmo xeito incrementábase o número de centros con consideración de illados (tamén adquiriuse o compromiso de revisar os criterios para esta consideración).

Complemento F: Dos 163,77 € actuáis aos 245,66 para o persoal licenciado sanitario, e dos 81,88 € actuáis para o persoal diplomado aos 122,81.

Complemento G: Dos 245,66 € actuáis para o persoal médico aos 368,48, e dos 122,83 € actuáis para a enfermaría aos 184,24.

CCOO reclamou medidas de incremento de dotación de persoal e de cobertura de ausencias do persoal de xestión e servizos e que se teña en conta o incremento da carga de traballo coa implantación de novas funcións polos programas de xestión da demanda (CRM100, XIDE, etc) do persoal de xestión e servizos, obtendo o compromiso da administración de incluílas no plan de ordenación de RR.HH.

-CCOO solicitou a inclusión dos PAC que cumpren os criterios no cobro dos complementos F e G. A administración respostou que non están no decreto que regula estes complementos, pero que se tratarán medidas no plan de ordenación.

-Incrementábase o valor da hora de xornada complementaria de PAC entre as 160 e 190 horas de xornada mensual de 26,83 € hora a 29,08 para o persoal facultativo e de 17,56 € a 19,04 para enfermaría. CCOO insistiu novamente que o cálculo da xornada complementaria no PAC vese afectada polo aplicativo cando hai ausencias do persoal.

CCOO solicitou a convocatoria da comisión de seguimento do acordo de PAC para tratar este e outros aspectos do mesmo.